

NORMATIVA PROVISORIA POLA QUE SE REGULAN OS CONCURSOS DE ACCESO AOS CORPOS DOCENTES UNIVERSITARIOS

Consonte ao establecido no artigo 21 dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela correspóndelle ao Consello de Goberno aprobar un regulamento de persoal docente e investigador no marco das bases que estableza o Claustro.

A Lei 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, permite, na súa disposición adicional oitava, que, en tanto non se produza a necesaria adaptación dos Estatutos, o Consello de Goberno das universidades aproben a normativa necesaria para a aplicación da nova Lei.

En consecuencia, procede presentar ao Consello de Goberno a seguinte proposta de **Normativa pola que se regulan os concursos de acceso a corpos docentes universitarios:**

ÍNDICE	TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS XERAIS
	TÍTULO I. CONVOCATORIA DE CONCURSOS DE ACCESO
	TÍTULO II. ÓRGANOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN
	TÍTULO III. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN
	TÍTULO IV. PROPOSTA DE PROVISIÓN E NOMEAMENTO
	TÍTULO V. RECLAMACIÓNS
	ANEXO. BAREMO PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS NOS DIFERENTES TIPOS DE CORPOS E CATEGORÍAS

TÍTULO PRELIMINAR DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Ámbito de aplicación

Esta normativa ten por obxecto regular os concursos de acceso e provisión de prazas de funcionarios dos corpos docentes universitarios aos que fai referencia o artigo 56 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, do 21 de abril, o Real Decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios, o Real Decreto 1313/2007, do 5 de outubro, polo que se establece o réxime dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios e o artigo 22 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 2. Principios xerais

1. As convocatorias e os procedementos de selección do persoal docente e investigador estarán rexidos polos principios de publicidade, mérito e capacidade, en orde a garantir unha selección eficaz, eficiente, transparente e obxectiva de acordo cos estándares internacionais avaliadores da calidade docente e investigadora.
2. A selección de profesorado universitario non estará suxeita a condicións ou requisitos baseados na nacionalidade. Esta posibilidade entenderase sempre condicionada a que os aspirantes de nacionalidade estranxeira podan atoparse en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que os habilite a residir e a acceder ao mercado laboral.
3. As referencias que para cada posto de traballo poidan conter as convocatorias en relación coas obrigas docentes e de investigación a asumir polos adxudicatarios non suporán en ningún caso para quen obteña estes postos un dereito de vinculación exclusiva a esas actividades, nin

limitarán a competencia da Universidade para asignarlle distintas obrigas docentes e investigadoras. Do mesmo xeito, a referencia ao centro no que deberá desenvolverse a actividade docente non suporá o dereito a exercer a actividade docente ou investigadora exclusivamente nese centro.

Artigo 3. Cómputo de prazos

1. Os prazos aos que fai referencia esta normativa exprésanse en días que, consonte ao disposto no artigo 48.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, serán hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos. Entenderanse festivos para os efectos do presente regulamento os festivos locais tanto de Santiago como de Lugo, ampliándose en calquera caso en ámbolos campus o prazo establecido por un número de días igual ao dos festivos existentes.

2. O prazo de solicitude para os concursos comezará ao día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

3. Cando os prazos rematen nun día no que os rexistros xerais da USC estean pechados prorrogaranse ata o seguinte día hábil.

4. Para o cómputo de prazos o mes de agosto será inhábil a tódolos efectos.

TÍTULO I CONVOCATORIA DE CONCURSOS DE ACCESO

Artigo 4. Convocatorias

A convocatoria de concursos públicos para a selección de persoal docente e investigador realizarase mediante resolución reitoral, logo de ser acordada polo Consello de Goberno consonte á relación de postos de traballo, e oído o Consello de Departamento correspondente.

Artigo 5. Contido das convocatorias

As convocatorias conterán necesariamente:

- a. O tipo de praza convocada, e o réxime de dedicación.
- b. O departamento e área de coñecemento aos que pertence a praza.
- c. A localidade e o centro, onde se realizará con carácter preferente a actividade.
- d. Potestativamente, a determinación das actividades docentes referidas ás materias troncais ou obrigatorias das que se cursen para a obtención de títulos de carácter oficial de grao ou equivalente na USC, relacionadas coa área de coñecemento á que corresponda a praza obxecto de concurso, e das actividades investigadoras, que servirán de referencia para a valoración das probas correspondentes e dos méritos docentes e de investigación.

En ausencia das anteditas especificacións as valoracións realizaranse por referencia á área de coñecemento á que corresponda a praza convocada.

- e. Os requisitos xerais e, de ser o caso, específicos que terán que reunir os candidatos.
- f. O modelo normalizado de instancia e currículo e a documentación que deberán achegar.
- g. O prazo e lugar para a presentación de solicitudes e da documentación para a admisión ao concurso, así como dos documentos acreditativos dos méritos, que deberán estar estruturados consonte ao establecido nestas normas.
- h. A orde de actuación dos candidatos para as probas que seguirá a ordenación alfabética por apelidos a partir da letra que corresponda segundo o resultado do sorteo que cada ano realiza a Comunidade Autónoma.
- i. O prazo máximo de resolución do proceso selectivo.

Artigo 6. Publicidade e difusión

1. Sen prexuízo das esixencias legais sobre comunicación e difusión das convocatorias de concursos, estas difundiránse a través da páxina web da Universidade e poderánse publicitar mediante a inserción de anuncios en diarios de ampla difusión en Galicia.
2. Cando se trate de prazas asistenciais de institucións sanitarias vinculadas a prazas dos corpos docentes universitarios, a convocatoria dos concursos de acceso realizarase conxuntamente por ámbalas dúas institucións, e será asinada polo reitor da Universidade, que será o responsable da súa execución.
3. Xunto coas convocatorias farase pública a composición das comisións de selección e o currículo dos seus membros. O contido público do currículo comprenderá o nome e os apelidos, a institución na que desenvolve a súa actividade principal, o posto que desempeña e a información necesaria conforme o artigo 6.4. do R.D. 1313/2007.

Artigo 7. Da protección de datos persoais

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), os datos persoais de candidatos e membros dos tribunais recollidos no desenvolvemento das convocatorias que se celebren en aplicación da presente normativa incorporaranse ao ficheiro nº 2 da USC "Persoal", regulado pola Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2002 (DOG do 9 de agosto). Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición conforme ao regulado na antedita Resolución Reitoral.

TÍTULO II ÓRGANOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

Artigo 8. Composición das comisións de selección

1. O Consello de Goberno acordará os membros titulares e suplentes das comisións, oído o Consello de Departamento, e serán nomeados polo reitor, que designará o seu presidente e secretario.

A composición das comisións de selección das prazas convocadas garantirán, en todo caso, a necesaria aptitude científica e docente dos seus compoñentes. Deberá cumprir os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, procurando unha composición equilibrada entre mulleres e homes, salvo que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas. O establecido neste punto deberase tamén respectar na proposta de membros suplentes.

2. As comisións de selección estarán formadas por cinco profesores con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á establecida para ocupar a praza convocada, tendo en conta as posibles equivalencias no caso de persoal doutros organismos. Como mínimo, dous dos seus membros non deberán pertencer á Universidade de Santiago de Compostela, e serán elixidos por sorteo.

Os membros das comisións deberán reunir os requisitos indicados no artigo 57.2 da LOU e os seus currículos deberán facerse públicos.

Acordo de C.G. de 30 de setembro de 2010



3. Os membros das comisións poderán estar en calquera das situacións administrativas agás as de excedencia e suspensión de funcións, todo isto con anterioridade á data de expiración do prazo para a presentación de solicitudes de participación dos candidatos nas probas correspondentes. Os profesores eméritos tamén poderán formar parte das comisións.
4. Os membros do Equipo de Goberno e da Comisión de Reclamacións establecida nesta normativa non formarán parte das comisións de selección.
5. No caso das comisións encargadas de resolver os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios para ocupar prazas asistenciais de institucións sanitarias vinculadas a prazas docentes dos corpos mencionados, dous dos seus membros teñen que

Normativa Provisoria Selección PDI Funcionario

estar en posesión do título de especialista que se esixa como requisito para concursar á praza. A súa elección levarase a cabo mediante sorteo público pola institución sanitaria correspondente, sendo elixibles tódolos doutores que figuren no censo público que, con carácter anual, se comunicará ao Consello de Universidades.

6. A participación nas comisións de selección é un deber do PDI da USC respecto a colaboración na actividade universitaria e, polo tanto, o nomeamento como membro dunha comisión de selección realizado polo reitor, é irrenunciabile.

7. A participación nas comisións de selección dará dereito á percepción das indemnizacións económicas que se determinen.

Artigo 9. Criterios xerais de selección

1. Os procedementos de selección deberán valorar a adecuación de cada candidato ás tarefas docentes e investigadoras propias da praza obxecto de concurso.

2. Nos concursos valorarase, polo menos, a experiencia docente e a innovación pedagóxica, a actividade investigadora desenvolvida, a experiencia en dirección de equipos de investigación, a participación na vida universitaria a través de labores de xestión e de difusión da cultura universitaria, o coñecemento da lingua propia da USC e doutras linguas estranxeiras de interese académico, e as estancias en centros diferentes da USC relacionadas coa formación e o perfeccionamento nas tarefas docentes e investigadoras propias da praza obxecto de concurso.

3. As comisións determinarán e farán públicos os criterios específicos de valoración en función das características das prazas e das actividades docentes e investigadoras que figuren na convocatoria. Nas prazas que pertencen a áreas de coñecemento de carácter clínico - asistencial, as comisións incluírán criterios de valoración de méritos asistenciais.

TÍTULO III PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

Artigo 10. Requisitos xerais

1. Para ser admitido aos concursos serán requisitos necesarios:

a. Ser maior de idade e non superar a idade de xubilación normativamente establecida.

b. Non ter sido separado ou despedido mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública española, da Unión Europea ou do Estado do que teña nacionalidade a persoa concursante.

c. Non padecer enfermidade ou discapacidade física ou psíquica que impida o desempeño das correspondentes funcións.

d. Estar en posesión da acreditación pertinente para o corpo de que se trate, consonte ao establecido no Real Decreto 1312/2007. Para concursar ás prazas de corpos docentes vinculadas a prazas asistenciais de institucións sanitarias, os concursantes deberán estar en posesión do título oficial de especialista que corresponda á praza.

Consonte ao disposto no artigo 62.2 da LOU e no art.4 do R.D. 1313/2007, de 5 de outubro, polo que se regula o réxime dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios, consideraranse acreditados para poder participar nos concursos de acceso, ademais dos habilitados para o corpo e praza de que se trate, os funcionarios do devandito corpo e os dos corpos docentes universitarios de igual ou superior categoría, con independencia da súa situación administrativa.

e. Os concursantes unha vez nomeados funcionarios deberán acreditar, ben a través da comisión de selección ou documentalente, un nivel de coñecemento da lingua galega equivalente ao Celga 3 e do español equivalente ao nivel B2. De non ser así, a persoa nomeada funcionario deberá realizar un curso de coñecemento da(s) lingua(s) organizado pola propia universidade.

2. Para o efecto de participar nos concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios, consonte ao disposto no artigo 89 e á disposición adicional undécima da Lei Orgánica 6/2001, os nacionais de estados membros da Unión Europea terán o mesmo tratamento que os nacionais españois. Este mesmo criterio serán de aplicación:

a. Aos nacionais daqueles Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos nos que esta se atopa definida no Tratado constitutivo da Unión Europea.

b. Ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non se atopen separados de dereito, así como aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito e sexan menores de 21 anos ou maiores desta idade e vivan ás súas expensas.

c. Esta última extensión do beneficio será igualmente aplicable aos nacionais de terceiros Estados non membros da Unión Europea cando así se prevea nos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

3. Os acreditados que sexan nacionais doutros Estados non membros da Unión Europea poderán tomar parte nos concursos de acceso e, de ser o caso, acceder á función pública cando o Estado da súa nacionalidade recoñeza aptitude legal aos españois para ocupar na docencia universitaria posicións análogas ás dos funcionarios docentes na Universidade española.

Artigo 11. Presentación de solicitudes e admisión de candidaturas

1. As solicitudes para a participación nos concursos de acceso dirixiranse ao reitor no prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE.

2. As solicitudes presentaranse nos rexistros xerais da Universidade ou por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os candidatos deberán presentar xunto coa solicitude a documentación acreditativa de reunir os requisitos para a participación que se establezan na convocatoria e o xustificante de ter liquidado as taxas correspondentes. Non acreditar os requisitos anteriores será causa de exclusión, podendo subsanarse no prazo que se establece no parágrafo 3 do artigo seguinte.

En ningún caso o pagamento na entidade bancaria suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude.

4. O cumprimento dos requisitos para participar nos concursos irá sempre referido á data límite de presentación de solicitudes.

Artigo 12. Lista provisoria de admitidos e excluídos

1. No prazo máximo de quince días desde o remate do prazo para a presentación de solicitudes, a Vicerreitoría competente en materia de profesorado publicará unha resolución aprobando a lista provisoria de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión.

2. Esta lista publicarase nos taboleiros de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e difundirase a través de páxina web da Universidade, debendo constar nela a data da súa inserción nos taboleiros.

3. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Reitoría da Universidade, para poder subsanar o defecto que motivou a exclusión ou omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non subsanen o motivo da exclusión ou aleguen fronte á omisión producida, xustificando o seu dereito a ser incluídos, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo.

Artigo 13. Lista definitiva de admitidos e excluídos

1. Unha vez rematado o prazo para emendar os defectos causantes das exclusións, a antedita Vicerreitoría ditará no prazo máximo de quince días unha nova resolución aprobando a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, coa indicación das causas de exclusión.

2. Esta resolución, que será obxecto de publicación polo mesmo procedemento que a lista provisoria, esgota a vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os recursos oportunos.

Artigo 14. Constitución das comisións de selección

1. As comisións de selección constituiranse no prazo máximo de tres meses desde o día seguinte á data de publicación no BOE da correspondente convocatoria. O presidente, logo de consultar cos restantes membros, convocará aos titulares e, de ser o caso, aos suplentes, para proceder ao acto de constitución da Comisión, con indicación do lugar e a data, do que tamén serán informados os candidatos.

2. A válida constitución da comisión esixirá a presenza de tódolos seus membros. Os membros titulares que non asistiran ao acto de constitución serán substituídos polos suplentes. En caso de que tampouco asista o suplente correspondente a substitución producirase por orde correlativa entre o resto dos suplentes.

3. Unha vez constituída a comisión, en caso de ausencia do presidente, este será substituído polo vocal de maior categoría e antigüidade. O secretario substituirase, de ser o caso, polo vocal de menor categoría e antigüidade. A válida actuación da comisión requirirá a participación de polo menos tres dos seus membros, agás no caso das comisións encargadas de resolver os concursos para ocupar prazas asistenciais de institucións sanitarias vinculadas a prazas docentes que requirirán a presenza de catro dos seus membros, sendo polo menos un deles elixido polo procedemento sinalado no artigo 8.5.

4. No acto de constitución, a comisión de selección, aprobará e publicará os criterios de selección aos que se fai referencia no artigo 9, de acordo co precisado nel.

5. Publicados os criterios, o presidente convocará os candidatos admitidos ao acto de presentación que deberá ter lugar entre as 24 e 72 horas contadas dende a publicación dos criterios. A comunicación incluirá o lugar, a data e a hora de celebración.

6. Estas comisións, en canto órganos de selección de persoal, gozarán de autonomía funcional e estarán facultadas para resolver as cuestións non previstas nas respectivas bases da convocatoria. Para o efecto de impugnación das súas decisións considéranse dependentes do reitor, órgano que efectúa o nomeamento dos seus membros.

Artigo 15. Presentación de candidatos

1. O acto de presentación será público e no transcurso deste os candidatos entregarán ao presidente da comisión de selección cinco exemplares do seu historial académico, docente, investigador, de xestión e, de ser o caso, sanitario - asistencial, xunto cun exemplar das publicacións e documentos acreditativos dos seus méritos.

2. Os aspirantes a unha praza de Titular de Universidade entregaranlle tamén ao presidente cinco exemplares dunha *guía docente* da materia ou materias que se determinen na convocatoria ou, no seu defecto, dunha materia troncal, obrigatoria ou de formación básica adscrita á área das que se cursen para a obtención de títulos de carácter oficial de grao ou equivalente na USC e do *proxecto investigador* a desenvolver no caso de lle ser outorgada a praza.

A *guía docente* terá como máximo unha extensión de 50 páxinas DIN A4 a dobre espazo, e deberá facer referencia, como mínimo, aos seguintes aspectos:

- *Datos descritivos da materia*
- *Sentido da materia no plan de estudos*
- *Obxectivos: Competencias, destrezas e habilidades que debe acadar o estudante*
- *Desenvolvemento do temario teórico e práctico*
- *Bibliografía recomendada*
- *Metodoloxía e recursos necesarios*
- *Sistema de avaliación da aprendizaxe*
- Outras informacións de interese.

Normativa Provisoria Selección PDI Funcionario

O *proxecto investigador* terá como máximo unha extensión de 25 páxinas DIN A4 a dobre espazo.

3. Os aspirantes a unha praza de Catedrático de Universidade entregaranlle ao presidente ademais da documentación recollida no punto 1 deste artigo, cinco exemplares do *proxecto investigador* a desenvolver no caso de lle ser outorgada a praza, que terá unha extensión máxima de 25 páxinas DIN A4 a dobre espazo.

4. No acto de presentación a Comisión indicará a data, lugar e hora de realización das probas ás que se refire o artigo seguinte, así como, no caso de que haxa máis dun aspirante, a orde de intervención dos candidatos. As probas deberán comezar no prazo máximo de dez días desde a presentación.

5. O secretario da comisión garantirá que a documentación entregada polos concursantes poida ser consultada por tódolos candidatos presentados antes do inicio das probas.

Artigo 16. Realización das probas

1. Os concursos de acceso ao corpo de Titulares de Universidade constarán de dúas probas, que serán públicas.

A. A primeira proba consistirá na exposición e defensa oral dos méritos e historial académico, docente, investigador, de xestión e, de ser o caso, sanitario - asistencial de cada candidato. Esta exposición non poderá exceder de noventa minutos, cun debate posterior coa Comisión durante un tempo máximo de dúas horas.

No caso de que exista un único aspirante, a Comisión, despois de analizar a documentación presentada por este, se considera por unanimidade que resulta suficiente para a superación da proba, poderá eximilo da exposición oral e posterior debate.

Rematada a proba, cada membro da comisión emitirá un informe razoado e axustado aos criterios de valoración previamente fixados.

B. A segunda proba consistirá na exposición oral, durante un tempo máximo de 90 minutos, e posterior debate coa comisión, durante un máximo de dúas horas, de

- A *guía docente* da materia ou materias que se determinen na convocatoria ou, no seu defecto, dunha materia troncal ou obrigatoria da oferta oficial de graos relacionada coa área pola que se convoca a praza.

- O *proxecto investigador* a desenvolver no caso de lle ser outorgada a praza.

Rematadas as probas, cada membro da comisión emitirá un informe razoado e axustado aos criterios de valoración previamente fixados.

O peso de cada proba na cualificación final dos candidatos será do 50%.

De acordo con estes informes, a comisión elaborará unha proposta de provisión. Os membros da comisión que voten en contra da proposta maioritaria terán que facer constar a motivación do seu voto.

A proposta incluírá unha relación de tódolos candidatos que sexan considerados aptos para ocupar a praza por orden de preferencia para o nomeamento polo reitor. O proceso poderá concluír coa proposta da Comisión de non prover a praza convocada.

2. Os concursos de acceso ao corpo de Catedráticos de Universidade constarán dunha única proba, que será pública, e que consistirá na exposición e defensa oral dos méritos de cada candidato e do proxecto investigador a desenvolver de lle ser outorgada a praza. A exposición e a defensa oral non poderán exceder de noventa minutos e dúas horas, respectivamente.

3. Rematada a proba, cada membro da comisión emitirá un informe razoado e axustado aos criterios de valoración previamente fixados. De acordo con estes informes, a comisión elaborará unha proposta de provisión. Os membros da comisión que voten en contra da proposta maioritaria terán que facer constar a motivación do seu voto.

A proposta incluírá unha relación de tódolos candidatos que sexan considerados aptos para ocupar a praza por orden de preferencia para o nomeamento polo reitor. O proceso poderá concluír coa proposta da Comisión de non prover a praza convocada.

TÍTULO IV

PROPOSTA DE PROVISIÓN E NOMEAMENTO

Artigo 17. Proposta

1. Nun prazo máximo de cinco días desde o seguinte á finalización das probas farase pública no taboleiro de anuncios do centro no que actúe a comisión de selección a proposta motivada e vinculante de nomeamento para a provisión da praza, con expresión de tódolos candidatos propostos por orden de preferencia. Esta proposta será formalizada no modelo normalizado de acta que provera a Vicerreitoría competente en materia de profesorado, facendo constar os mecanismos de impugnación que poidan utilizar os interesados. A proposta permanecerá exposta, polo menos, ata a expiración do prazo para interpor os correspondentes recursos.

2. Unha vez publicada, a proposta será entregada polo presidente da comisión de selección ou, de ser o caso, polo secretario á Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica xunto coas actas e informes que compoñen o expediente, un exemplar da documentación aportada por cada candidato coa xustificación documental correspondente e a certificación do secretario da comisión na que se faga constar a data de publicación no taboleiro do centro.

3. Rematado o procedemento, a documentación dos concursantes quedará ao seu dispor na Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica de onde deberán retirala. Non obstante, no caso de interposición de recurso non poderá retirarse ata que a resolución impugnada sexa firme, sen prexuízo de que os interesados poidan realizar copia da documentación para outros efectos.

Transcorridos seis meses desde a finalización do procedemento ou, no caso de haber recurso, desde que a resolución impugnada adquira firmeza, a documentación que non fora retirada será destruída.

Artigo 18. Nomeamento

1. No prazo máximo de vinte días a contar desde o seguinte ao de publicación da proposta de nomeamento o candidato proposto en primeiro lugar pola comisión de selección ten que acreditar o cumprimento dos requisitos sinalados no artigo 4 do Real Decreto 1313/2007 e os requisitos xerais para o acceso á función pública de acordo coa lexislación aplicable. Unha vez efectuada esta acreditación o reitor procederá ao seu nomeamento.

2. No caso de que o primeiro candidato proposto non acredite en tempo e forma os extremos sinalados no parágrafo anterior o reitor procederá, de xeito sucesivo, ao nomeamento dos seguintes candidatos propostos segundo a orde establecida pola comisión de selección, logo da acreditación por estes dos mencionados requisitos en idéntico prazo de vinte días.

3. Os nomeamentos, que especificarán a denominación da praza con indicación da área de coñecemento e o corpo ao que pertence, serán publicados no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia e comunicados aos rexistros correspondentes para o efecto do outorgamento do número de Rexistro de Persoal e de inscrición no corpo respectivo, así como ao Consello de Universidades.

4. No prazo de vinte días a contar desde o seguinte ao de publicación do nomeamento no Boletín Oficial do Estado o candidato nomeado deberá tomar posesión da praza, momento no que adquirirá a condición de funcionario do corpo docente de que se trate.

TÍTULO V

RECLAMACIONES

Artigo 19. Comisión de Reclamacións

1. No prazo de dez días a contar desde o seguinte ao de publicación da proposta de provisión, os candidatos poderán presentar unha reclamación ante o reitor. Admitida a trámite a reclamación suspenderanse os nomeamentos ata a súa resolución definitiva.
2. As reclamacións tramitaranse de conformidade coas previsións específicas contidas neste regulamento e co disposto no Capítulo II do título VII da Lei 30/1992 en relación coa revisión de actos en vía administrativa.
3. A reclamación será valorada por unha Comisión de Reclamacións que estará formada por sete Catedráticos de Universidade de diversas áreas de coñecemento elixidos polo Claustro. Esta comisión será presidida polo catedrático máis antigo, actuando como secretario, con voz pero sen voto, o xefe do Servizo de Planificación de PDI.
4. A Comisión de Reclamacións examinará o expediente relativo ao concurso, nos seus aspectos de procedemento e de fondo, na garantía do respecto aos principios de igualdade de oportunidades dos candidatos en relación co procedemento seguido e de mérito e capacidade destes, sen que a actuación desta comisión poida substituír valoracións de fondo sobre a idoneidade dos aspirantes para as prazas convocadas.
5. No desenvolvemento da súa función de exame, a Comisión de Reclamacións deberá oír aos membros da comisión de selección e aos candidatos que participaran nas probas. Así mesmo, poderá recadar informes de especialistas de recoñecido prestixio nas materias de que se trate.
6. No prazo de tres meses desde que se teña presentado a reclamación esta Comisión ratificará ou non a proposta reclamada, podendo, neste último suposto, retrotraerse o procedemento ata o momento no que se produciu o vicio, caso no que a comisión de selección deberá ditar unha nova proposta motivada.
7. Os acordos da Comisión de Reclamacións, salvo manifesta ilegalidade, serán vinculantes para o reitor quen, de ser o caso, procederá ao nomeamento segundo o disposto no artigo 18. Esta resolución reitoral esgota a vía administrativa quedando expedita a vía contencioso-administrativa.
8. A participación na Comisión de Reclamacións dará dereito á percepción das indemnizacións económicas que se determinen.

Disposición adicional primeira

Namentres non se esgote o prazo establecido na Disposición Transitoria Primeira da Lei Orgánica 4/2007 pola que se modifica la Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, poderán convocarse concursos de acceso entre habilitados consonte a Normativa pola que se regulan os concursos de acceso a corpos de Funcionarios Docentes Universitarios, aprobada en Consello de Goberno o 20 de decembro de 2004.

Disposición adicional segunda

Nos concursos de profesor colaborador e de profesor contratado doutor publicados a partir da entrada en vigor desta normativa, a referencia que fai o art. 30.1 da Normativa pola que se regula a selección do PDI contratado e interino da USC, aprobada por Consello de Goberno de 17 de febreiro de 2005 e modificada por acordos do Consello de Goberno de 10 de maio e de 19 de xullo de 2007, entenderase realizada á Comisión de Reclamacións establecida no artigo 19 desta normativa.

Disposición Final primeira

Facúltase ao reitor para ditar as instrucións que sexan necesarias para a interpretación e aplicación desta normativa.

Disposición Final segunda

A presente normativa entrará en vigor o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.

ANEXO: BAREMO PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS NOS CONCURSOS DE ACCESO AOS CORPOS DE FUNCIONARIOS DOCENTES UNIVERSITARIOS

PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE

As comisións de selección determinarán os criterios para a valoración dos méritos e historial dos candidatos de acordo co especificado no artigo 9.3., respectando en todo caso as seguintes proporcións en cada categoría de méritos:

Traxectoria de investigación	55%
Traxectoria docente -	40%
Outros méritos relevantes para a praza	5%

- Entre outros, valorarase a participación na xestión académica e na difusión da cultura universitaria, mobilidade, idiomas estranxeiros,...

No caso de prazas de corpos de funcionarios docentes universitarios vinculadas a prazas asistenciais de institucións sanitarias, os criterios que fixen as comisións de selección terán en conta o especificado no artigo 9.3., respectarán en todo caso as seguintes proporcións en cada categoría de méritos:

Traxectoria de investigación	45%
Traxectoria docente	25%
Experiencia asistencial	20%
Outros méritos relevantes para a praza	10%

- Entre outros, valorarase a participación na xestión académica e na difusión da cultura universitaria, mobilidade, idiomas estranxeiros,...

CATEDRÁTICOS DE UNIVERSIDADE

As comisións de selección determinarán os criterios para a valoración dos méritos e historial dos candidatos de acordo co especificado no artigo 9.3., respectando en todo caso as seguintes proporcións en cada categoría de méritos:

Traxectoria de investigación	60%
Traxectoria docente -	30%
Outros méritos relevantes para a praza	10%

- Entre outros, valorarase a participación na xestión académica e na difusión da cultura universitaria, mobilidade, idiomas estranxeiros,...

No caso de prazas de corpos de funcionarios docentes universitarios vinculadas a prazas asistenciais de institucións sanitarias, os criterios que fixen as comisións de selección terán en conta o especificado no artigo 9.3., respectarán en todo caso as seguintes proporcións en cada categoría de méritos:

Traxectoria de investigación	50%
Traxectoria docente	20%
Experiencia asistencial	20%
Outros méritos relevantes para a praza	10%

- Entre outros, valorarase a participación na xestión académica e na difusión da cultura universitaria, mobilidade, idiomas estranxeiros,...